Á DEFENSORA DO POBO

Zurbano 42, Madrid

As persoas abaixo asinantes, empregadas públicas no territorio da comunidade autónoma de Galiza, **EXPOÑEN:**

Que se adhiren á petición, formulada polas federacións de Administración, Ensino e Saúde da Confederación Intersindical Galega (CIG), de que interpoña **recurso de inconstitucionalidade** contra o Real Decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, e contra a Lei galega 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galiza.

Nos mesmos termos expresados polo referido sindicato, entenden que non concorre unha situación de extraordinaria e urxente necesidade que xustifique a promulgación do Real Decreto-lei 8/2010, do 20 de maio; e que, en todo caso, se están a vulnerar dereitos, deberes e libertades da cidadanía regulados no Título I da Constitución.

Polo exposto,

SOLICITAN: Que teña por presentado este escrito e por formulada adhesión expresa á solicitude de referencia, acordando no seu momento interpor recurso de inconstitucionalidade contra as normas citadas no corpo deste escrito.

Galiza, _______________ de 2010.

Nome e apelidos	NIF	Enderezo	Sinatura